



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-DA / 2018

Expediente: 2018000005493

RESOLUCIÓN Nº 30602 DO 13/09/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE DANZA E MOVEMENTO

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 26667, do 07/08/2018, aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de danza e movemento , e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido ás persoas interesadas pola resolución devandita e visto que non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

- 1.- De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria, vista a proposta unánime do tribunal da área, **declarar desertas** as dúas bolsas da área de danza e artes do movemento do ano 2018 por non acadar os criterios mínimos de concesión.
- 2.- **Asignar** estas bolsas á área de música.
- 3.- **Anular** os documentos contables desta convocatoria, por importe de 18.000 € quedando o crédito disponible na partida 0612/3262/481.
- 4.- **Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.